



AGEFEC
Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA FACILITAR A ASISTENCIA AO X CONGRESO NACIONAL DA FAECAP.

(Toledo; 30, 31 de marzo e 1 de abril de 2017)

Co gallo de fomentar a presentación de traballos científicos no **X Congreso Nacional da FAECAP** que, como sabes, se vai celebrar os días **30, 31 de marzo e 1 de abril de 2017** na cidade de **Toledo**, a Xunta Directiva acordou abonar a cantidade de 70€ aos socios e socias que presenten unha Comunicación (oral ou póster) e así o soliciten. As bases da convocatoria son as seguintes:

Primeira. Obxecto.

As axudas económicas irán dirixidas **exclusivamente aos socios/as da AGEFEC** que se atopen ao corrente de pago da cota anual e que durante o ano 2017 non se beneficien dalgún suposto de exención de cota.

Segunda. Concepto.

Para ter dereito á percepción da axuda para a asistencia ao X Congreso Nacional da FAECAP, o/a solicitante, necesariamente deberá figurar como autor dunha comunicación científica en formato póster ou oral.

- O/A autor/a que presente dúas ou mais comunicacións só terá **dereito a percibir unha única axuda**. A concesión da mesma estará condicionada a que comunicación sexa aceptada polo Comité Científico correspondente.
- **Cada comunicación recibirá unha única axuda.**

Terceira. Contía económica.

Establécese unha partida económica de 700€, correspondendo 70€ por cada socios/a que solicite dita axuda e que cumpra coa bases da presente convocatoria.

Cuarta. Forma de aboamento.

O importe que corresponda aboarse mediante transferencia bancaria.

Quinta. Presentación de solicitudes.

As solicitudes tramitaranse a través da nosa Secretaría Técnica enviándoas por correo electrónico á secretariatecnica@agefec.org.

A solicitude debe conter a seguinte documentación:

- Documento de solicitude de axuda debidamente cumprimentado e asinado (anexo I).
- Xustificante de asistencia ao X Congreso Nacional da FAECAP.
- Xustificante de autoría da comunicación oral/póster.
- Xustificante de pago para a asistencia ao evento.

Sexta. Validez das solicitudes.

A solicitude terá validez no momento que se aporte toda a documentación requirida e a Secretaría Técnica confirme por escrito a recepción do correo electrónico confirmando que se aportou toda a documentación necesaria.

Sétima. Período de vixencia.

Estas bases terán un período de vixencia comprendido entre o 1 de Xaneiro de 2017 e ó 31 de Decembro de 2017.



SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA PARA O X CONGRESO NACIONAL DA FAECAP

Nome e apelidos:	
NIF/DNI:	
Enderezo:	Nº:
Poboación:	Código Postal:
Data da solicitude:	
IBAN e CC para o ingreso:	
Título do evento: X CONGRESO NACIONAL DA FAECAP	
Entidade organizadora: FAECAP / ACAMEC	
Custo de inscrición:	
Data de celebración: 30, 31 DE MARZO E 1 DE ABRIL	

Sinatura:

Coa firma da presente solicitude, acepta as bases de concesión das axudas económicas pola asistencia a unha actividade científica, e expresamente autoriza á Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria a publicitar mediante correo electrónico entre todos os socios o seu nome e apelidos, data de concesión da axuda e actividade subvencionada. Os datos persoais aquí recollidos serán tratados para a correcta xestión das solicitudes e concesións de axudas económicas pola asistencia a unha actividade científica, coa finalidade da xestión e control destas, así como para fins estadísticos. Estes datos non serán cedidos salvo nos casos previstos legalmente. O órgano responsable do tratamento dos seus datos persoais é a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria, ante quen poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante escrito, acompañado de documento oficial que o identifique á dirección Xosé Chao Rego, número 8, baixo, CP 15705, Santiago de Compostela, provincia de A Coruña.